

HACIA UN NUEVO MODELO DE TRANSPORTE DE VIAJEROS

REVISTA DEL INSTITUTO DE ESTUDIOS ECONÓMICOS
2000
[LI+524 páxinas]

Recibido: 22 outubro 2001

Aceptado: 17 xuño 2002

A análise do transporte como servizo público, ademais da súa natureza estratéxica, presenta desde a perspectiva económica determinadas peculiaridades. E isto é tanto máis certo cando se trata de estudar a súa regulación. O Instituto de Estudos Económicos (de agora en diante, IEE) acometeu a feliz iniciativa de convocar un nutrido conxunto de especialistas para levar a cabo unha reflexión de carácter pluridisciplinar que fai desta obra unha cita de consulta obrigada.

No plano teórico, a ausencia practicamente total de custos afundidos fan que o mercado do transporte resulte contestable. Pero, na realidade, as externalidades ben coñecidas –tales como os custos de conxestión e os ambientais, xunto coas asimetrías de información– obrigan á intervención do regulador. A iso cumpriría engadir-lle a necesidade de coordinación da actividade de transporte a fin de garanti-la interconexión modal. Por se isto fose pouco para presentar un panorama complexo, en tódolos países existen tramos cunha cobertura que non resulta rendible, xustificándose só a prestación do servizo por razóns de equidade. Outra oportunidade, pois, para a intervención do regulador.

No mundo do transporte cabe falar de competencia *ex-ante* e de competencia *ex-post*. Na competencia *ex-post* –competencia no mercado– a libre entrada e saída de operadores permitiríalle ó mecanismo competitivo determina-lo prezo e a cantidade. Sen embargo, na competencia *ex-ante* –competencia polo mercado– o xogo competitivo ten lugar na fase de concurso, polo que é importante definir moi ben os elementos do contrato. En definitiva, a introducción de maiores doses de competencia no transporte colectivo debe busca-las ganancias de eficiencia a través da competencia polo mercado xa que a desregulación estricta semella máis custosa para o consumidor. Como expón o profesor Caramés na súa achega á revista, “*la competencia potencial, que se convierte en real en cada licitación, crea un cierto clima de mercado, compatible con la planificación integrada del transporte*”.

A obra, logo dun amplo estudio introductorio, revisa os aspectos xurídicos e institucionais da ordenación do transporte terrestre de viaxeiros en Europa, analiza as actuacións emprendidas e os retos de futuro para o transporte urbano en España, discute as diversas formulacións da liberalización do sector, ocupándose tamén dos problemas potenciais ligados á privatización do ferrocarril e afrontando un tema tan actual como o financiamento das infraestruturas con participación privada. Conclúe este número da *Revista do Instituto de Estudos Económicos* cun anexo lexis-

lativo que recolle a proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a intervención dos estados membros en materia de requisitos e adxudicación de contratos de servizos públicos no transporte de viaxeiros por ferrocarril, por estrada e por vías navegables.

Resulta, polo tanto, útil esta contribución, porque ofrece pistas acerca da marxe para avanzar cara a unha maior competencia no sector, sobre todo no que se refire ó transporte ferroviario e ó transporte urbano en autobús. Algo que queda totalmente claro nestes traballos que comentamos é que nos distintos modos de transporte – especialmente por ferrocarril e por estrada– non se poden introducir políticas asimétricas, porque non se trata de compartimentos estancos, como tamén é certo que resultan erradas e moi prexudiciais as políticas do solo independentes da planificación do transporte. Como reconece o Banco Mundial nun recente informe, é imprescindible a compatibilidade entre o uso do solo e os sistemas de transporte porque do contrario se lles podería impoñer ás xeracións futuras a necesidade de viaxes excesivas, altos custos de infraestrutura e impactos ambientais negativos.

MARÍA CADAVAL SAMPEDRO
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela